

# VII FESTIVAL MANICÓMICOS

A CORUÑA do 17 ao 22 de marzo de 2009

Manicómicos: **DEPRIMIDOS AO RÍO**  
Forum Metropolitano / Martes 17-21 h.

Yllana: **BROKERS**  
Teatro Rosalía Castro / Mércores 18-21 h.

Pepe Vinyeta: **ENCHERRONA**  
Teatro Rosalía Castro / Xoves 19-21 h.

**GALA VII FESTIVAL**  
Forum Metropolitano / Venres 20-21 h.  
con **ROCKERS GO TO HELL**

Elefante Elegante: **O FORNO**  
Forum Metropolitano / Sábado 21-21 h.

Katarsys: **PA GAMA**  
Forum Metropolitano / Domingo 22-12:30 h.

San Sa.N: **AS DESVENTURAS DE CARMEN,  
GELINES E DON JOSÉ**  
Teatro Rosalía Castro / Domingo 22-19 h.

desello creativo: javier collado




Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



**GADIS**

[www.manicomicos.org](http://www.manicomicos.org)



O **VII Festival Internacional de Teatro Manicómicos** xa está aquí na súa edición de sala. Os espectáculos máis destacados do panorama internacional, as estreas de novas promesas do panorama artístico galego, as mellores obras dos grupos máis consagrados, ... e todo isto nas mellores salas de teatro da cidade.

O festival contará coa participación estelar de Yllana, coa súa nova obra "Brokers" e o televisivo Pepe Viyuela con "Encerrona". O teatro galego terán tamén un espazo destacado, coa estrea de "O forno" de Elefante Elegante, os consagrados San&saN coas vellas do Luar, e as súas "desventuras, e cun espectáculo de produción propia como é "Deprimidos ao río". Mención especial merece a "Gran gala", un divertido e variado espectáculo de variedades que sorprende ano tras ano e que xa se converteu na esencia mesma do festival. E para os máis peques tamén haberá butacas reservadas, con "Pa cama" de Katarsis.

O Teatro Rosalía de Castro e o Forum Metropolitano convertiranse por uns días en máxicos espazos de humor e diversión grazas á programación que a Asociación Cultura Manicómicos ten reservada neste o seu VII Festival.

É para vós, que o disfrutedes!

**Director do Festival:**

Carlos Sante - carlitossante@yahoo.es - 630 693 148

**Comunicación (contacto con prensa e medios):**

Willy Éter - willyeter@gmail.com - 619 760 703

**Difusión:**

Marcial Blanco - marcialbc@yahoo.es - 647 974 272

**Responsable da Gala:**

Sue Moreno - suemoreno1@hotmail.com - 639 200 849

**Organización:**

Germán Gundín, Keke Díez, Manuel Cebral, José Amado, Vera López, Mar Sande, Luis Quinteiro, Cristina Nuñez, Cristina Ramallal, Yolanda Paz, Vanessa Rivas, Carolina Fernández e Juanillo Esteban.

ASOCIACIÓN CULTURAL MANICÓMICOS  
Rúa Andrés Gaos, 16 - baixo  
15010 A Coruña  
981 235 024 - manicomicos@hotmail.com

[www.manicomicos.org](http://www.manicomicos.org)

# Do 17 ao 22 de marzo

## Cronoloxía de Actividades



### Do 1-14 de marzo - Horario de mañá e de tarde

Curso de clown e máscara con Paco González (Familie Flöz)  
No novo local da Asociación, en Andrés Gaos 16, baixo

### SÁBADO 14 - Horario por confirmar

Pasarrúas inaugural do festival dirixido por Paco González  
Rúas céntricas da Coruña

### MARTES 17 - 21:00h

Manicómicos: "Deprimidos ao río"

Forum Metropolitano

Entradas 7€ (carné xove, +65 anos e desempregados, 5€)

### MÉRCORES 18 - 21:00h

Yllana: "Brokers"

Teatro Rosalía de Castro

Entradas: 18, 14, 10, 8€ (carné xove, +65 anos e desempregados, -20%)

### XOVES 19 - 21:00h

Pepe Viyuela: "Encerrona"

Teatro Rosalía de Castro

Entradas: 15, 12, 9, 7€ (carné xove, +65 anos e desempregados, -20%)

### VENRES 20 - 21:00h

Varios artistas + Rockers go to Hell: "Gala VII Festival"

Presenta Juanillo Esteban e con Rober Bodegas de invitado estrela  
Forum Metropolitano

Entradas 7€ (carné xove, +65 anos e desempregados, 5€)

E ás 24h: Festa do VII Festival no Pub Atomic (R/Juan Canalejo) -  
colabora Gadisa

### SÁBADO 21 - 21:00h

Elefante Elegante: "O forno"

Forum Metropolitano

Entradas 8€ (carné xove, +65 anos e desempregados, 6€)

### DOMINGO 22 - 12:00h

Katarsis: "Pa cama"

Forum Metropolitano

Entradas 5€ (abono 3 familia, 12€)

### DOMINGO 22 - 19:00h

San&San: "As desventuras de Carmen, Gelines e D. José"

Teatro Rosalía de Castro

Entradas 7€ (carné xove, +65 anos e desempregados, 5€)

\* Abono festival (supón un desconto do 25% e entrada gratis para "Pa cama"): 46.50, 41.25, 36.00, 33.00€ (segundo localidade)

# Manicómicos

## "Deprimidos ao río"



Martes 17 - 21:00h  
Forum Metropolitano  
Entradas: 7€ (5€ cx/+65/d)  
Todos os públicos





Desde o seu nacemento a Asociación Cultural **MANICÓMICOS** foi un viveiro de creación de novos espectáculos e formación de actores/actrices. O seu interese pola creación e a formación, así como a difusión do teatro en todas as súas formas e expresións fixo da creación e presentación de espectáculos unha base do seu funcionamento. Froito deste traballo estreáronse obras como "Casting", "Os Colombaíños", "Glom", "Cabaré Manicómico", "Making Of" e a actual "Deprimidos ao río".

[www.manicomicos.org](http://www.manicomicos.org)

**DEPRIMIDOS AO RÍO** non é un espectáculo ao uso senón un "congreso". O famoso psiquiatra, Doutor Mortimer, vai explicar aos congresistas, psiquiatras vidos de todos os países do mundo, os seus métodos revolucionarios para curar as patoloxías mentais máis frecuentes que ameazan aos habitantes do século XXI. Os métodos de Mortimer foron prohibidos nalgúns países e admirados noutros, pero a ninguén deixa indiferente o sinistro glamour de Cornelius Mortimer e os seus estraños experimentos.

Estamos ante unha obra con vocación de "Espectáculo Total" que queriamos que integrase música en vivo, danza, teatro físico, circo e efectos pirotécnicos. Por problemas orzamentarios, quedámonos en "Espectáculo parcial" e grazas.

**Reperto:** Marcial Blanco, Cris Ramallal, Vera López, Paco Alvarellos, Jose Amado, Luis Quinteiro e Willy Éter.  
**Guión:** Willy Éter. **Dirección:** Carlos Sante.



# Yllana "Brokers"



Mércores 18 - 21:00h  
Teatro Rosalía de Castro  
Entradas: 18/14/10/8€ (-20% cx/+65/d)  
Todos os públicos

**YLLANA** nace en 1991 como compañía de teatro de humor xestual, aínda que na actualidade, e despois de 15 anos como compañía, diversificou a súa actividade. Ademais dos seus propios espectáculos, produce, distribúe e promove montaxes doutras compañías.




Os membros fundadores de YLLANA son Juan Francisco Ramos, Marcos Ottone, David Ottone, Joseph O'Curneen e Fidel Fernández. Se ben, máis que unha compañía de teatro, Yllana é unha "factoría" de talento que serve de casa ou de escola a moitos outros artistas que forman parte dos seus espectáculos e actividades habituais e que tamén interveñen no proceder creativo de YLLANA.




Algúns nomes imprescindibles ligados a YLLANA: Raúl Cano, Antonio de la Fuente, Antonio Pajudo, César Maroto, Susana Cortés ou Juanfran Dorado. Aínda que a lista sería interminable se nomearmos todos os artistas que teñen colaborado alguna vez coa compañía en eventos, montaxes e coproducións.

Desde o xenial encontro de YLLANA coa escena, a compañía produciu trece espectáculos propios: ¡Muu! (1991), Glub, Glub (1994), 666 (1998), Hipo (1999), Rock and Clown (2000), Spingo (2001), Splash! (2002), Star Trip (2003), Los Mejores Sketches de Monte Python (2004), Olimplaff (2004), La Cantante Calva (2005), Buuu! (2006), Pagagnini (2007) e Brokers (2008). Estas montaxes representáronse en 29 países e foron vistas por máis dun millón de espectadores.



A universalidade do humor de YLLANA permitiulles presentar os seus espectáculos por todo o mundo.

[www.yllana.com](http://www.yllana.com)




**BROKERS**, ao puro estilo Yllana, retrata coa súa habitual linguaxe o salvaxe e irreverente mundo das altas finanzas. Logo da estela de 666 e Star Trip, esta compañía deslízase no universo do luxo e dos cartos para amosarnos a súa aloucada forma de ver o mundo.

Os protagonistas de BROKERS son catro tiburóns dos negocios que perseguen o éxito na era do furor consumista. O luxo, a fama, o poder, o narcisismo e o status son os seus tics culturais. Fanáticos da moda de marca, das últimas tecnoloxías, da comida sá e do culto ao corpo, adéntranse nun


mundo no que a carreira polo triunfo descobre os seus medos máis ocultos provocando ridículas situacións que farán tremer os alicerces da sociedade máis consumista.

Unha coidada banda sonora e unha impecable posta en escena completan unha obra absurda, increíblemente corrupta e viciosa que desencadeará hilarantes gargalladas ata nos espectadores máis esixentes.




# Pepe Viyuela "Encerrona"

Xoves 19 - 21:00h  
Teatro Rosalía de Castro  
Entradas: 15/12/9/7€ (-20% cx/+65/d)  
Todos os públicos




O popular actor cómico **PEPE VIYUELA** visita de novo Galicia para presentarnos o seu afamado espectáculo "Encerrona", que neste tempada cumpre vinte anos sobre os escenarios de todo o Estado.

Sobradamente coñecido desde as súas míticas participacións no programa de TVE "Un, Dos, Tres", PEPE VIYUELA segue a gozar dunha enorme popularidade grazas ás películas "El milagro de P.Tinto" ou "La Última Aventura de Mortadelo y Filemón" e, sobre todo, ao seu personaxe Chema na serie de Tele5 "Aída".




En **ENCERRONA** Pepe Viyuela ofrécenos 75 minutos de humor para todos os públicos, nun espectáculo no cal dá boas mostras da súa calidade como actor e clown, poñendo en escena diversas técnicas teatrais ao servicio do humor e a relación co público.

ENCERRONA é unha reflexión sobre o cotián desde a perspectiva do pallaso. O personaxe vive a experiencia de terse quedado atrapado no escenario. Cando entra en escena non sabe onde se está metendo.



É un personaxe enganado que entra alí porque alguén lle dixo que ese é o camiño e, de súpeto, atópase fronte a un público que lle mira e semella esixirle algo. El non ven a actuar, pero vese obrigado a elo. O terror que provocan as miradas dese público lévano a querer fuxir, a buscar unha saída. Soamente hai unha, pero hai "alguén invisible" que llo impide e que lle obriga a ficar no escenario, enfrontándose a eses ollos que non se apartan del.



Durante algo máis de dunha hora, como un bufón de corte tirado ao salón do trono, vese obrigado a actuar para o público que lle observa. Está so ante o perigo e os seus únicos compañeiros de travesía serán, a partir de agora, unha serie de obxectos cotiáns cos que intenta saír do paso: unha guitarra, unha cadeira, unha chaqueta, un xornal e, finalmente, unha escaleira. Con eles como escudo, xoga e improvisa, sofre e divírtese. Os obxectos transfórmanse nas súas mans en grandes amigos ou en terribles inimigos, porque esqueceu, o quizais non soubo nunca: o seu uso.



Como un neno, enfróntase por primeira vez aos obxectos, para nós cotiáns, e para el absolutamente misteriosos e sorprendentes. Subir por unha escaleira ou pórse unha chaqueta constitúen para el tarefas case imposibles. De novo atopámonos ante unha metáfora na que o pallaso é cada un/unha de nós e o seu xogo non é senón a nosa vida, estamos obrigados/as a existir e obrigados/as a actuar, non sabemos onde nos metemos e debemos seguir adiante.

# Varios artistas "Gala VII Festival"




Venres 20 - 21:00h  
Forum Metropolitano  
Entradas: 7€ (5€ cx/+65/d)  
Todos os públicos



Desde o seu comezo, a dinámica de traballo na Asociación Cultural **MANICÓMICOS** foi propensa á creación de espectáculos variados e dinámicos. A idea dunha gala que combinase diferentes propostas en escea e dese cabida a moitos artistas foi algo que resultaba natural con esa forma de traballar. Así naceu a primeira gala, algo que foi crescendo pouco a pouco, con espectáculos cada vez de máis calidade, cun mellor traballo técnico e posta en escea, coa inclusión de música en vivo, etc. Ata o punto de converterse na esencia propia do festival e nunha importante referencia a nivel galego, onde os mellores artistas proban as súas mellores propostas.

[www.manicomicos.org](http://www.manicomicos.org)

A **GRAN GALA** do VII Festival Manicómicos, contará coa participación de destacadas figuras do mundo do espectáculo e artistas galegos de gran proxección. Misturará artistas xa coñecidos polo gran público como Rober Bodegas con outros artistas de grandísima calidade pero menos coñecidos.



Presentada por Jonny Mediogramo, esta frenética gala contará coa presenza destacada do grupo musical "Rockers go to hell". Unha viaxe ao mundo dos rockers, dos tupés, as faldas e as roupas de coiro. Unha proposta de ambientación que inclúe tamén ao público que desexe mimetizarse con tan particular ambiente, e que tamén chegará ao escenario e dará un toque especial a toda a gala. Números de circo, humor, monólogos, malabares, etc encherán o Forum Metropolitano de diversión elevada ao cubo.



**Artistas:** Rober Bodegas, Pedro Brandariz, Juanillo Esteban, Pablo Trasno e Fredi, Sue Moreno, Yolanda Paz, Arturo Nono, Paco e Xaco, Willy Éter e Luis Quinteiro, Raquel Veganzones, Keke e Dani, Almacabra.

**Músicos:** Rockers go to hell

# Elefante Elegante

## "O forno"



Sábado 21 - 21:00h  
Forum Metropolitano  
Entradas: 8€ (6€ cx/+65/d)  
Todos os públicos

**ELEFANTE ELEGANTE** nace na cidade da Coruña co nome de "Teatro Escondido" no ano 2000 co desexo de crear un teatro multicultural. O grupo utiliza linguaxes teatrais, como a Mimodinámica, a Pantomima, a Máscara ou o Clown. A base dos seus espectáculos é desenvolver unha linguaxe máis universal cá palabra, baseada no xesto e na elocuencia das imaxes. As emocións e pensamentos das personaxes son transmitidos a través dos movementos e actitudes do corpo, da voz e dos instrumentos musicais. As súas creacións en activo son "Tristán, cara de can", "Illiria" e "O forno".

[www.elefanteelegante.com](http://www.elefanteelegante.com)



**O FORNO** é un espectáculo de Commedia dell'Arte sobre a sociedade de consumo contemporánea destinado a todos os públicos. Na aldea de Flordelís todo é harmonía. Os habitantes do pobo reúnen-se ao redor do forno para amasar e cocer un grande pan que será compartido por todos. Mais un día, Madame Lisette, a

comerciante, ten a idea de facer un pan só para ela... e por riba... con sucre! A reacción vai en cadea e as consecuencias son catastróficamente divertidas.



# Katarsis

## "Pa cama"




Domingo 22 - 12:00h  
Forum Metropolitano  
Entradas: 5€ (3x12€)  
Público infantil

**KATARSIS, Educación-Teatro**, é unha compañía fundada por Carolina Ramos e Kevin Stewart con sede na Coruña. As súas actividades son ofertadas en toda España e no estranxeiro. KATARSIS é un punto de encontro e conexión entre os mundos do teatro e da educación, comprometida a renovar e fomentar a aprendizaxe a través do teatro e con alianzas estratéxicas a nivel nacional, rexional e internacional.



A compañía distribúe e representa espectáculos teatrais para público infantil e familiar que reúnen a calidade artística, os valores educativos e o carácter lúdico.

[www.katarsiseyt.com](http://www.katarsiseyt.com)



**PACAMA** é unha exploración de xogos entre dous amigos que antes de durmir descubren un mundo de aventuras que lles distrae do sono. A súa predisposición e inxenuidade lévaos a atopar diversión no máis sinxelo, en todo o que lles rodea, no marco dun ambiente tan acolledor coma un dormitorio. Un xogo leva a outro, dende unha pelota ata unhas almofadas que fan de ás para voar, pasando polas sabas axitándose no ar, a toalla enrolándose e desenrolándose, a luz apagándose e acendéndose, e uns pequenos monicreques en forma de ollos que se bican.

Un espectáculo non verbal que se desenrola como se fora unha coreografía de danza seguindo o fío dunha banda sonora orixinal creada en función do movemento e as emocións das personaxes. A utilización de instrumentos de vento e a gaita irlandesa axudan a que a obra manteña un clima acolledor e de ensoño, onde a fantasía e a imaxinación son as craves para a acción.

# San e San

## "As desventuras de Carmen, Gelines e D.José"



Domingo 22 - 19:00h  
Teatro Rosalía de Castro  
Entradas: 7€ (5€ cx/+65/d)  
Todos os públicos



**SAN&SAN** son Pablo Sánchez, Carlos Sante e Xaquín Domínguez, compañeiros de escena dende os 16 anos, que, despois de múltiples experiencias artísticas, concentran as súas enerxías nun estilo de creación propia característico entre a comedia física, o clown, o absurdo e a creación

de personaxes excéntricos, que aplican non só ós seus espectáculos senón tamén á súa escola, aos seus talleres de teatro e ás súas novas producións de contido máis audiovisual.

Con base na emblemática "Sala do Trinke" de A Coruña, desde 2000 fan converxer na cidade unha serie de artistas e creadores cunha inquietude palpable pola orixinalidade como antídoto contra o convencional, polo propio como punto de partida na pirámide creativa. Polos seus obradoiros de formación actoral en técnicas como o teatro físico, máscara, clown, comedia dell'arte, improvisación, creación de personaxes, acrobacia, claqué... xa pasaron máis de cen novos creadores, nacendo así unha nova e incipiente canteira local que pouco a pouco se vai facendo un oco no mundo artístico laboral.



SAN&SAN seus propios traballos a partires de ideas orixinais. Dous dos seus espectáculos, "Concerto Bífido" e "Muñekitous – A Nacional Yeografic Riport" foron premiados respectivamente en festivais tan importantes como o Festiclown (Festival Internacional de Clown de Galicia) de Pontevedra, cun primeiro premio, ou no Festival Radiocity de Valencia, cun segundo premio nacional, un primeiro ao espectáculo máis innovador, e un premio especial do Festival "Escena Azul".

[www.gratisweb.com/sanesan](http://www.gratisweb.com/sanesan)


A sona popular acadada polos seus personaxes Carmen e Gelines (coñecidas familiarmente como "As vellas do Luar") xunto co pobre Don José, derivou no espectáculo que presentamos neste festival Manicómicos.

O humor cósmico, os xestos exactos, a inxenuidade necesaria, o gag explosivo, as actitudes cómplices... todo o universo humorístico de San&saN conflúen brillantemente neste novo espectáculo.

"A partires dunha rigurosa selección dos mellores momentos emitidos no programa Luar da TVG, confeccionamos un espectáculo teatral fresco e rompedor, áxil, familiar, ácido, e cun humor que non deixará títere con cabeza".



**AS DESVENTURAS DE CARMEN, GELINES e DON JOSÉ** é un espectáculo cómico sobre o particular xeito de ver o mundo, a vida e a morte de dúas vellas inseparables que conviven no noso querido e escuro rural galego, en consonancia co seu benquerido e pobre párroco D. José, que terá que sufrir mil e unha veces as falcatruadas das súas "insoportables" freguesas. Aproveitando o enorme éxito televisivo acadado por estes tres personaxes, San&saN atrévese a levar a escena os seus mellores momentos, en vivo e en directo, e sen censuras; humor ao bravo non apto para menores de 85 anos.



<http://asvellasdoluar.blogspot.com>